

CIRCULAR 102-2025.

VI CONTROL FGA AIRE LIBRE – 17/05/2025 (Xornada de tarde)

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 17 de maio de 2025 nas pistas de Elviña da UDC en A Coruña.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 12 de maio.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025. No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 12:00 horas do mércores 14 de maio e serán remitidas a servizos@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Os/as participantes deberán presentarse ás ordes do xuíz de saídas 5 minutos antes do comezo da súa proba, coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario: (poderase modificar en función do horario final das combinadas)

17/05/2025 – XORNADA DE TARDE		
HORA	CARREIRAS	
16:30	200	Abs Homes
16:50	200	Abs Mulleres
17:10	800	Abs Homes
17:30	800	Abs Mulleres

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA servizos@atletismo.gal ata 48 horas despois do comezo da competición.



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



DEPORTE
GALEGO

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. Solicitudes a servizos@atletismo.gal

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 7 de maio do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo